

A LINGUA GALEGA NA PRIMEIRA METADE DO S.XX

CONTIDO QUE SE ENGADE Á LITERATURA A
COMEZOS DO SÉCULO XX
(nas páxinas 32-33-34-35 do libro)

ARANCHA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

4º ESO – IES Lamas de Abade

Primeiras décadas do s.XX

- Decadencia nos últimos anos do s. XIX e primeiros do XX
 - Primeiras décadas do s.XX: Galego = poboación rural. Castelán = clases acomodadas (nobreza, burguesía), medios de comunicación...
 - Prexuízos contra o galego (moitos continúan a día de hoxe) + proceso de castelanización (comprenden o castelán como lingua de “ascenso social”)
-
-

En contraste con este proceso de castelanización...

Xorden iniciativas cuxo obxectivo era a reivindicación da nosa lingua como medio natural de expresión tanto en ámbitos coloquiais como formais, literarios ou non literarios.

As tres iniciativas máis salientábeis foron:

- As Irmandades da Fala
- O Grupo Nós
- O Seminario de Estudos Galegos

Necesidade de lingua estándar

Defensa da lingua = necesidade dunha lingua estándar que supere as diferenzas locais

Os escritores comezan a:

- Escribir nun galego supradialectal
- Empregar voces diferencialistas, hiperenxebrismos, arcaísmos, lusismos ou anglicismos

coa intención de MARCAR DIFERENZAS entre o castelán e o galego.

A RAG

Debido a esta necesidade de estandarizar a lingua e normativizala, nace en 1906 a REAL ACADEMIA GALEGA (RAG) cuxo obxectivo é depurar o idioma, normativizalo e escribir gramáticas e dicionarios para mellorar o coñecemento da lingua.

<https://academia.gal/institucion/historia/historia>

O galego nos anos 30

1936: ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALIZA (defende a cooficialidade do galego e o castelán na Galiza; reivindica a presenza da lingua galega no ensino)

Mais en 1936 vén tamén a guerra civil. Co franquismo PARALÍZASE o proceso de normalización e dignificación da lingua galega, prohibíndose o seu uso e afastándoa de todo espazo administrativo, xurídico, educativo ou cultural.
